


PALLARES



LINGUA PROLETARIA DO MEU POBO,
EU FALOA PORQUE SI, PORQUE ME GUSTA,
PORQUE ME PETA E QUERO E DAME A GANA...

...

E, SER, CO ROSTRO ERGUIDO,
MARIÑEIRO, LABREGOS DA LINGUAXE,
REMO E ARADO, PROA E RELLA SEMPRE...

...

E TI VIVES NO MUNDO, TERRA MIÑA,
BERCE DA MIÑA ESTIRPE,
GALICIA, DÓCE MÁGOA DAS ESPAÑAS,
DEITADA FRENTE Ó MAR, ESE CAMIÑO...

REVISTA ESCOLAR EDITADA POLO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO COLEXIO PÚBLICO DE GUNTÍN E SUBVENCIONADA POLO GABINETE PROVINCIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

CURSO: 1.995/96.

SUMARIO

- * Carta ós nosos lectores.
- * Información: o novo sistema educativo.
- * Resultado da enquisa.
- * Entrevista: o noso alcalde.
- * As nosas producci3ns.
- * A nosa memoria colectiva.
- * Don deporte.
- * A gaiola das gargalladas.
- * Enredos e pasatempos.
- * "Colorín-colorado".

CARTA ÓS NOSOS LECTORES

¡Hola amigos (e amigas):

Como vedes, e despois dalgúns cursos de silencio, a revista PALLARES recupera a súa voz. Agardamos que nos recibades e que nos "escoitedes" coa mesma ilusión e ledicia que nós puxemos ó facela. Así pois, e a pesares dalgún que outro atranco e do díaño do tempo que, como sempre, botóusenos enriba sen contemplacións, ESTAMOS AQUÍ. E estamos aquí para dicirvos:

Que queremos achegarvos unha pequena mostra dos nosos traballos.

Que queremos, PORQUE SI, PORQUE NOS GUSTA, PORQUE NOS PETA E NOS DÁ A GANA (como dixera o grande Celso Emilio), EXPRESARNOS EN GALEGO. E facémolo con toda a intención, para que medre, para que vexades que é ÚTIL; para contribuír, dende as nosas posibilidades, a que o valoredes e o queirades un pouco máis. Porque o galego é unha lingua coma outra calquera, nin máis nin menos, pero é A NOSA LINGUA. Non tódolos pobos teñen o privilexio de dicir estas palabras. E moitos de nós sen decatarnos, nas berzas...

Para dicirvos tamén que, como o cuco, que canta coa chegada da primavera, nós, da mesma maneira, saímos agora. Porque queremos aproveitar para festexar o Día das Nosas Letras, aínda que sabedores e conscientes de que a mellor maneira de festexar unha lingua é falándoa e escribíndoa tódolos días do ano. ¡Lembrádeo!.

Así pois, quedamos nas vosas mans. E non esquezades que esta revista é froito , maioritariamente, do traballo das nenas e dos nenos do noso colexio, non a vexades logo con ollos excesivamente críticos. Dende aquí mandámosvos unha aperta.

P.D.: Prohibido tirala ou queimala, sen tela lido de punta a rabo, cando menos.

UNHA HISTORIA "RARA"?



O NOVO SISTEMA EDUCATIVO EN GUNTÍN

Os cambios que a nova Lei trae á ensinanza, tamén se notarán o vindeiro curso no colexio de Guntín. Imos clarexalos un pouco.

Poderanse estudar neste centro: Educación Infantil, Educación Primaria e máis Educación Secundaria Obrigatoria.

A **EDUCACIÓN INFANTIL** tén carácter voluntario e comprende dous ciclos: dos cero ós tres anos e dos tres ós seis. No noso colexio só podemos admitir nenos de segundo ciclo, pero os de tres anos non terán dereito a beca de comedor nin de transporte.

A **EDUCACIÓN PRIMARIA** é o primeiro tramo da educación obrigatoria. Dura seis anos repartidos en tres ciclos de dous cursos cada un. Cando remata, o neno ten doce ou trece anos, xa que pode repetir un curso.

A **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (E. S. O.)** é o segundo tramo da educación obrigatoria, dura catro anos e estrutúrase en dous ciclos. Os nenos rematan con 16, 17 ou 18 anos xa que poden repetir un curso en cada ciclo.

Nestas ensinanzas obrigatorias non haberá avaliación de setembro.

Ós que cheguen ó remate con bo aproveitamento daráselles o título de **GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA** e con el poderán poñerse a traballar, ingresar no **Bacharelato** ou na **Formación Profesional** de grao medio. Os que non consigan o título, recibirán un certificado dos estudos acadados e as calificacións conseguidas nas distintas áreas, o cal lles permitirá acceder a un traballo, a un curso dos chamados *Programas de Garantía Social*, ou *Formación Profesional Ocupacional*, que tratará de preparalo para o desempeño dunha profesión. Con isto non se lles cerran as portas dos estudos, pois poderán, mediante a superación dunha proba, acceder á **Formación Profesional** de grao medio e voltar ó **Bacharelato** se queren.


ENQUISA 'OS PAIS DE ALUMNOS

No presente curso o Equipo de Normalización Lingüística elaborou unha enquisa que tiña por obxectivo coñecer a realidade de socio-lingüística do noso alumnado. Dita enquisa pasousevos a tódalas familias. O grao de participación foi aceptable xa que de 125 exemplares enviados recibimos uns 75 cubertos.

Despois de recoller e avaliar a información, ofrecémosvos os resultados gráficos da mesma.


A conclusión que poderíamos sacar con firma a nosa impresión previa, é dicir: TEMOS UNHA COMUNIDADE EDUCATIVA BASTANTE NORMALIZADA.

¿EN QUE LINGUA FALAS COS TEUS FILLOS?




A- EN GALEGO (63)
B- EN CASTELÁN (3)
C- UNHAS VECES EN GALEGO E OUTRAS EN CASTELÁN (12)

¿EN QUE LINGUA FALAS CO RESTO DOS MEMBROS DA FAMILIA?




A- EN GALEGO (64)
B- EN CASTELÁN (3)
C- UNHAS VECES EN GALEGO E OUTRAS EN CASTELÁN (13)

¿EN QUE LINGUA FALAS COS TEUS VECIÑOS?




A- EN GALEGO (61)
B- EN CASTELÁN (1)
C- SEGUN ME FALEN ELES (16)

¿EN QUE LINGUA FALAS CANDO VISITAS OS MESTRES, MEDICOS...?




A- EN GALEGO (11)
B- EN CASTELÁN (3)
C- SEGUN ME FALEN ELES (44)


¿EN QUE LINGUA CREEN QUE DEBERIAN RECIBIR O ENSINO OS TEUS FILLOS?





¿CAL DESTAS LINGUAS CHE PARECE MÁIS IMPORTANTE?



¿CONECES ALGO SOBRE AS VIDAS E/OU OBRAS DOS SEGUINTEES ESCRITORES?





ESCRIBE POR ORDEN DE PREFERENCIA CAL DOS SEGUINTEES ESCRITORES CHE PARECEN MÁIS IMPORTANTES: ROSALIA, CERVANTES, CASTELLO, MACHADO.



NÚMERO DE PERSOAS QUE CREEN QUE OS SEGUINTEES ESCRITORES ESTÁN EN TERCEIRO LUGAR EN ORDEN DE IMPORTANCIA.


NÚMERO DE PERSOAS QUE CREEN QUE OS SEGUINTEES ESCRITORES ESTÁN EN CUARTO LUGAR EN ORDEN DE IMPORTANCIA.



PERSOAS QUE LLES PARECEN TODOS IGUAL DE IMPORTANTES (42)


SE ESTIVESE NAS TUAS MANS,
¿SUPRIMIRÍAS O GALEGO DO
ENSINO?

¿POR QUE?




- A.-E UNHA LINGUA DA NOSA TERRA (31)
- B.-NON CONTESTA (16)
- C.-TEMOS O DEBER DE CONECELAR (12)
- D.-É UN IDIOMA MÁIS (6)
- E.-OUTRAS (10)

EXPRESA A TÚA OPINIÓN, SE A TES, CON RESPECTO Á PROBLEMÁTICA DO GALEGO E DO CASTELÁN.




- A.-NON TEÑO OPINIÓN (42)
- B.-NON CONTESTAN (3)
- C.-DEBEMOS SABER AS DUAS LINGUAS (6)
- D.-O GALEGO ÚNICO IDIOMA EN GALICIA (5)
- E.-DIFICULTADE DO GALEGO (4)
- F.-NON HAI PROBLEMÁTICA (3)
- G.-OUTRAS (13)

¿QUE CHE PARECE A SITUACIÓN EN CANTO Ó USO E Á NORMALIZACIÓN DO GALEGO NOS ÚLTIMOS ANOS?



- A.-MELLOROU (68)
- B.-ESTÁ IGUAL (5)
- C.-EMPEOROU (4)
- D.-NON CONTESTA (1)

¿QUE ENTENDES TI QUE SE PODERÍA FACER PARA MELLORAR ESTA SITUACIÓN?



- A.-NON TEÑO OPINIÓN (37)
- B.-NON VALE APENA FACER NADA (1)
- C.-NON CONTESTAN (7)
- D.-FALAR MÁIS EN GALEGO (11)
- E.-APRENDER GALEGO E CASTELÁN A VEZ (5)
- F.-FALAR EXCLUSIVAMENTE GALEGO (4)
- G.-APRENDER GALEGO (3)
- H.-OUTRAS (10)

ENTREVISTA: O NOSO ALCALDE

- . Nome completo: JESÚS CARREIRA FERREIRO.
- . Lugar de nacemento: PRADEDO, VILAMEÁ.
- . Idade: 45 ANOS.
- . Estado civil: CASADO.
- . Fillos: UN PEQUENO E UNHA PEQUENA.
- . Profesión: EMPREGADO DE BANCA.
- . Díganos: ¿que o moveu a entrar no mundo da política?.
- OS AMIGOS, AS CIRCUNSTANCIAS E A INQUIETUDE DE FACER ALGO POLO NOSO CONCELLO.
- . ¿Ata onde lle gustaría chegar en política?.
- A VERDADE É QUE NON ACOSTUMO TRAZARME METAS, MÁIS BEN OBXECTIVOS, E IR CUMPRÍNDOS A CURTO PRAZO; NON HAI UNHA META CONCRETA.
- . ¿Que é máis importante para un candidato dun pobo como Guntín, a súa capacidade persoal ou o apoio do partido?.
- PENSO QUE A CAPACIDADE PERSOAL É O PRINCIPAL, PORQUE SIN ELA TAMPOUCO HABERÍA O APOIO DO PARTIDO.
- . ¿Que tres logros lle parecen máis importantes para Guntín dende que vostede é alcalde?.
- UN MOI RECENTE: A CONSECUCIÓN DO INSTITUTO DE SECUNDARIA PARA GUNTÍN, ESTE É UN LOGRO QUE ME SATISFACE MOITO. DESPOIS, SÍNTOME SATISFEITO TAMÉN CO CAMBIO QUE EXPERIMENTOU A NOSA VILA E COA MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS DO MUNICIPIO.
- . ¿Que obras importantes ten en proxecto?
- CONTINUAR O LABOR E, APARTE DESO, FINALIZAR AS PISCINAS E TENTAR CONSEGUIR UNHA CASA DE CULTURA PARA O NOSO MUNICIPIO.
- . ¿Para cando entrará en funcionamento a piscina?.
- ESO QUIXERA SABER EU... EN SERIO, A INTENCIÓN ERA QUE EMPEZARA A FUNCIONAR ESTE ANO PERO NON SEI SE SERÁ POSIBLE CONSEGUIR QUE, POLO MENOS, UNHA PARTE DELA EMPECE A FUNCIONAR ESTE ANO. DE TODOS MODOS, NO ANO PRÓXIMO SEGURO QUE FUNCIONA.
- . ¿Será gratuíta a entrada?.
- POLO MENOS PARA OS NENOS E AS NENAS SI.
- . No seu posto de alcalde, ¿cumprriu sempre co seu deber?.
- SEMPRE INTENTEI CUMPRILLO.
- . ¿Con que obxectivo fai as festas da terceira idade e xuventude?.
- A MIN SATISFÁCEME MOITO FACELAS PORQUE CONSIDERO QUE SON AS PERSOAS MÁIS ESQUECIDAS, POLOS MÁIS NOVOS PRINCIPALMENTE, PORQUE XA SE VAN APARTANDO UN POUCO DA SOCIEDADE NO SENTIDO DE QUE VIAXAN E SAEN MENOS; ENTÓN DARLLES UN DÍA A ELES PARA QUE POIDAN ESTAR XUNTOS E DISFRUTAR CONSIDERO QUE É UNHA COUSA MOI IMPORTANTE. O DA XUVENTUDE POIS TAMÉN ME PARECE IMPORTANTE PORQUE AGORA QUE TANTO IDES ÁS DISCOTECAS E ESTAS COUSAS CREO QUE É MOI INTERESANTE QUE VOS XUNTEDES UNHA VEZ Ó ANO PARA QUE VOS VAIADES COÑECENDO.
- . Díganos tamén se as vai repetir este ano.
- É POSIBLE QUE SI.
- . Tamén quixeramos saber algo sobre o campo de fútbol do colexio, ¿vai ser de herba ou de cemento?.

- EN PRINCIPIO EU TIÑA PREVISTO QUE FOSE DE HERBA, SUPÑO QUE SERÁ DE HERBA.
- ¿Que opinión lle merece a polémica suscitada pola Rede de Centros?
- PENSO QUE É UNHA POLÉMICA PROVOCADA POR UNHA LEI MAL FEITA. EN TODO CASO EU RESPETO A OPINIÓN DE TÓDALAS PERSOAS E CADA UN TEN QUE INTENTAR CONSEGUIR OU MANIFESTARSE DA MANEIRA QUE CREA MÁIS CONVENIENTE.
- ¿Existe algún tipo de rivalidade entre os pobos de Guntín e Lou-sada, vostede que opina?
- QUE NON EXISTE NINGÚN, SIMPLEMENTE QUE CADA ZONA TEN INTERESE PO-LO SEU LUGAR, COMO CALQUERA DE NÓS TEN POLAS PARROQUIAS ONDE VIVE. EU, COMO ALCALDE, NON TEÑO INTERESE ESPECIAL POR NINGÚN DOS DOUS.
- Cambiando de tema, ¿en que lingua se expresa co resto dos membros da súa familia?. Díganos a verdade que nós xa o sabemos.
- ¿E LOGO PARA QUE MO PREGUNTADES? ... BEN, EU CA FAMILIA EXPRESO-ME EN GALEGO E EN CASTELÁN.
- ¿Que opina sobre a polémica galego-castelán?
- ENTENDO QUE É UNHA FEBRE QUE, DIGAMOS, ESTÁ DE MODA. EU ESPERO QUE ESA FEBRE PASE PRONTO E QUE CADA LINGUA ESTEA NO SEU SITIO, TAN IMPORTANTE É UNHA COMA OUTRA, PERO CADA UNHA NO SEU SITIO.
- ¿Que deporte lle gusta máis, o alpinismo ou o tráfico de influen-cias?.
- PRACTICO O FÚTBOL, NON ME GUSTA PRACTICAR ESES DEPORTES.
- ¿Por que pensa que están tan desprestixiados os políticos?.
- EU CREO QUE OS POLÍTICOS NON ESTÁN NADA DESPRESTIXIADOS, TODO O CONTRARIO. ALGUNHAS PERSOAS ESTÁN DESPRESTIXIADAS PERO POLO TRA-BALLO QUE ESTÁN FACENDO. CONSIDERO OS POLÍTICOS MOI VALORADOS, DEMASIADO.
- E para rematar, ¿é feliz?.
- DE MOMENTO SI.
- Pois moitas gracias pola entrevista.
- MOITAS GRACIAS A VÓS.

Esta entrevista foi realizada na Casa-Concello de Guntín o día 2 de maio de 1.996.

Entrevistadores:

Ma LUISA VÁZQUEZ GARCÍA.
 ISABEL BASADRE PÉREZ.
 SUSANA FERNÁNDEZ CARREIRA.
 DAVID VÁZQUEZ BLANCO.
 RAFAEL DABLANCA EXPÓSITO.

(Todos eles alumnos de 7º curso de E.X.B. en repre-sentación do resto de compañeiros da súa clase).

AS NOSAS PRODUCCIÓNS


¡¡QUE BONITA É A PRIMAVERA!!

Había unha vez unha árbore no patio do colexio que estaba moi triste porque no outono perdera tódalas follas. As nenas e nenos de 3 e 4 anos foron visitala e díxéronlle:

- Non estés triste que xa chegou a primavera.

Ó outro día, cando volveron ó colexio, atopáronse cunha gran sorpresa: á árbore nacéranlle 22 follas, cada neno tiña unha folla co seu nome.

- ¡Que bonita é a primavera!, dixeron todos.



NENAS E NENOS DE
EDUCACIÓN INFANTIL

(3/4 ANOS)

O MENO E O PAXARO

HABIA UNHA VEZ UN **PAXARO** QUE MARCHARA NO **OUTONO**. CANDO VEU A PRIMAVERA VOLVEU FACER O SEU NIÑO. PERO HABIA UN **MENO** MALD QUE LLE COLLEU UN **OVO** A' PAXARA. DESPOIS O **PAPA** DO **MENO** FIXOLLE VOLVER O **OVO** O' NIÑO E DESPOIS A PAXARA LIXA ESTABA MOI LEDA E CRIOU OS SEUS FILLIÑOS.




CONTO COLECTIVO DOS MENOS DE E. I. (3/4 ANOS)

Colaboración do alumnado de 5 anos





ESTHER



Os nenos pasean
pelo campo



os meninos **IVANOTERO**
andam pelo bosque



ARANZAZU

o pato meteu-se na
auga


IVAN LOPEZ



pepe
joga o
futebol

Se a clase de primeiro
queredes coñecer
estas dúas follas
teredes que ler


Eu son Adrián
e coido o meu can




Eu son Ana María
e lá come con auga fría




Eu son Beatriz
e picoume unha abella
no nariz



Eu son Isabel
e teño un caracol



Eu son J. Román
e como kamón



eu son J. Simón
e gústame o túrdon




Eu son Luis
e como caramelos
de anís




Eu son Noelia
e plantei unha camelia



Eu son Pablo
e vou ao Tello



Eu son Siroia
e bebo sidra



Zoodiccionario

Galo: Despertador con plumas

Balea: Surtidor de mar.

León: Animal que nunca foi á perruquería.

Elefante: Guía sin mando.

Camelo: Animal xorobado de tanto andar.

Galina: Animal que canta o que acaba de poner.

Vaca: Cortacésped automático.

Gato: cazador con bigotes

Porco: Animal que nunca se lava.

Paxaro: Cantor sin micro.

Can: Guardián sin pistola.

- Araña: Tecedora das alturas.
- Abella: Piloto que pica cando se engada.
- Morcego: O supermán da noite.
- Bolboreta: A rainha das flores.
- Rato: Animal con tixeiras.
- Mono: Pallaso do Zoo.
- Lagarto: Trepador das pedras.
- Caracol: Viaxeiro con caravana.
- Raposo: Cazador de galiñas.



ALUMNOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA
 - 1º CICLO / 2º NIVEL -


A bolboreta da vida

Erase unha vez unha bolboreta que non sabía que tiña poderes ata que un día se lle romperon as as, e foi andando de despacio e por fin, chegou a súa casa. A súa nai díxolle que tiña moitos poderes, e despois foi a bolboreta do mundo. O nai e a nai foron moi felices por ter unha bolboreta tan fermosa, e como era a bolboreta da vida, e viu adivisión morrendo e deulle vida, e o adiviñón quedou asonbrado por que lle obra a vida, e desde aquel día esturron os dous moi farchendosos de ter dous amigos sobretodo a bolboreta que daba poderes e tamén daba gracia. E foron felices e conseron perdices e a nos no nos derón.

Idea orixinal: Paula, Cristina A., Rocío & María

Letra: Diego R.V.

Debuscos: Hugo C.



O colexio

¡ O colexio é tan bonito!
¡ E onde aprenderán os rapaces e rapazas que eu es tou a soñar! ¡ É mais bonito cos rosas cos claveles e co mar, porque ten a mar de cores que me fan suspirar teño moitos amigos e amigas.

Ainda que con miigo non queren xogar
Cristina Rodríguez Andrade (3º)

O autobús chin vin von

O autobús chin vin von

iva por un bombón

cando ~~iva~~ pola rúa chinvon

tropeou cun salmón

que se chamaba bombón

O salmón sabía a bombón

edespois de comelo salmón

encontrou un salmón e un turrón

depois de comer o salmón eo turrón

foi a escola cinbón

pola rúa salchichón

mamorouse dunha flor de cor marrón

que se chamaba León

e que vivía en Castilla León

Marisa Rodríguez, Lucía Nuñez 2^o Ciclo Primaria

O tempo

Do 15' a 21 de Abril

	Luns	Martes	Mercores	Xoves	Venres	Sabado	Domingo
Manhã							
Tarde							

Marcía José Valim

Marta P. Branco M.

2º Nivel de 2º ciclo de e.p.

Nubes e clares cuberto		Chuvia	
Nebra		Tormenta	
Nevé			

A natureza

Os animais e as plantas formam a natureza.

Há que cuidá-la e respeitá-la.

Havia unha vez un mencho que coidaba e respetaba a natureza.

Un día atopou un pato nun lago que estaba ferido e casi morto de frío, levouno para a casa e chamou o veterinario para que o fora a mirar. Deulle unha pomada e un líquido para botarlle durante dous días. O sanar, volvéuno levar ó lago. Cando volvíu para a

casa atopou uns cazadores que querían matá-lo e o mencho díxolles: non matáde-lo pata porín a ningún animal porque son seres vivos que debemos respetar e os cazadores fixéronlle caso e desde aquela non mataron a ningún animal máis. Desde que o mencho díxo iso respetaron ós animais, a natureza e foron todos máis felices.



2º Nivel
de 2º ciclo de E.P.

Eva Díaz López

O ELEFANTE PEQUENO

Había unha vez un elefante pequeno que tiña moita sede, e decidiu ir visita-lo río. Anduvo tres días ata chegar a el. Cando chegou percátouse de que non tiña auga e díxolle: río, quero beber unha pouca auga. ¿Non ves que estou seco e non teño auga?

Vaílle decir a chuvia que veña e me enche.

O elefante pequeno buscou a chuvia e díxolle que fose enche-lo río que había cerca da súa casa: Se non sae un pouco de máis vapor do océano non poderei caer.

¿E que podo facer?. Podes decirlle o sol que quente o océano. O elefante pequeno anduvo ata encontrar o sol e díxolle: sol ¿podes quenta-lo océano para que a auga se evapore, faga nubes grandes que caian en forma de chuvia e eu poida beber?.


¿E por que non bebes no océano? Porque esta moi lonxe, a auga está salgada e eu máis meus veciños non poderemos beber. Como es bó e pensas nos teus veciños quentarei o océano. Gracias sol.

O sol quente o oceano, a auga despiendeu vapor e formáronse moitas nubes que caeron á terra en forma de chuvia e desta maneira os animais e mai-la terra poideron sacia-la súa sede.



Ma
2º
del
2º Nivel de
Ciclo de E.P.

GUNTÍN



SUPERFICIE
155,8 Km²
POBOACIÓN
4.005 hab.

Guntín dista 19 Km de Lugo. Forma parte dunha extensa penichaira coñecida como Meseta Central Lucense. A súa altura media é de 400-600 m. destacando unha serie de elevacións: Picato (788 m), Pena do Cotillo (712 m) e Pena de Fornos (707 m)


Guntín ocupa unha superficie de 155,83 Km²; ten 31 parroquias e 148 entidades de poboación. Sen embargo apenas conta con 4.000 habitantes. (1991). Esta situación regresiva arrástrase dende os anos 30, cando residían unhas 7.557 persoas. A esta débil ocupación (25,7 hab./Km²) hai que engadirle a dispersión. O núcleo de Guntín, onde está emplazada a Casa Consistorial só conta con 211 habitantes (5,3% do total).

Polo seu nivel de servizos destacan Lousada e Guntín; Contan con centros educativos, sanitarios e establecementos comerciais, aínda ca súa área de influencia redúcese o ámbito local.

A estrutura socioeconómica caracterí-

zase por unha gorte dependencia do sector primario. Polo que respecta á cultura e a arte, Guntín conta no seu patrimonio histórico, artístico con me-dorras, mámoas, menhires, un petroglifo, castros, igrexas con elementos románicos (Entrambosaugas, Ferroi, Mosteiro, San Román e Santa Cruz da Retorta) e algúns edifi-cios blasonados como a gortaleza da Mota. Pero o seu monumento máis importante é o conxunto mosteiral de Ferreira de Pallares.

PIRÁMIDE DE IDADES DE GUNTÍN



Tal como se mostra na figura, é maioritaria a poboación adulta e vella, mentras que escasea a poboación xove debido o déficit de nacementos representativo da tendencia actual.

Na pirámide abundan máis os homes cos mulleres ata os 49 anos e hai máis mulleres a partir dos 70 anos.

TRABALLO ELABORADO POR:

- Tania M^o Rodríguez 5^o
- Hugo Saritoalla 5^o
- Alberto Fernández 5^o
- Miguel Fernández 5^o
- Sonia García 5^o

A SORTE DE ADRIÁN

Nunha cidade había un neno que, por desgracia, tiña que vivir só nunha cabana, xa que a súa nai e o seu pai abandonárano na rúa cando el tiña dous anos. Este neno chamábase Adrián e agora tiña sete anos. Adrián tiña que andar polas rúas pedindo esmola. Era pouca a cantidade que conseguía, pero conformábase. Un bo día un matrimonio e a súa filla pequena paseaban polo parque e atoparon a Adrián pedindo esmola.

- Pobre neno, tan pequeno e pedindo esmola, dixo a muller, Amelia.
- Amelia, ¿gustaríache que o levasemos para a nosa casa como fillo? preguntou Manuel.
- ¡Que ben!, así terei un irmán, dixo Lucía, a nena pequena.
- Non sei se será moi doado, nós non temos moito diñeiro, afirmou Amelia.
- Tentarémolo, asegurou Manuel.

Ó día seguinte buscaron a Adrián e dixéronlle se quería ir vivir con eles. Adrián díxolles:

- Causareivos moitos problemas.
- Non te preocupes, o diñeiro non nos sobra pero terás unha casa, unha familia, comida, roupa, e poderás ser feliz con nós.
- Dacordo, irei vivir con vós.

Dende aquel día a xente burlábase deles porque tiñan como fillo a Adrián. Pero a eles non lles importaba porque aquel neno pasaría moi mal e queríanlle dar amor, cousa que el non puidera ter antes.

Gracias á nova familia Adrián vive agora moi feliz.

VERÓNICA VARELA GARCÍA (6º)

O OSO DOS DESEXOS

Había unha vez un grupo de nenos que fora de excursión ó monte. Un dos nenos enfadouse e alonxouse do lugar onde acamparan. Pasadas unhas horas o neno tentou volver pero non atopaba o camiño. Tivo que montar a súa propia tenda de campaña e, procurando leña para encender unha fogueira, atopou un osiño de xoguete. Cando foi durmir meteu o osiño na cama con el. Antes de durmirse oíu:

-Ata mañá.

O neno, moi asustado, dixo:

-¿Quen anda aí?

-Son eu, o osiño; non teñas medo.

-Non, iso é imposible, ti es de xoguete.

-Non, eu son o osiño dos desexos. Pide un desexo e xa verás como se che fai realidade.

-¡Quero voar!

De repente o neno saíu voando. Entón creu no osiño.

-¿E podes cumprirme outro desexo?. Gustaríame volver xunto ós meus compañeiros.

O osiño díxolle que se durmise, que xa se lle cumpriría o desexo. Ó día seguinte espertou onda os seus compañeiros, contou-lles o sucedido e díxolles:

-Aprendín unha boa lección, nunca máis me alonxarei do grupo sen coñecer o camiño.

PAMELA ABELAIRAS (6º)

A VELLA MARUXA

Maruxa era unha vella que, por desgracia, tiña que pedir esmola polas rúas. Un día Maruxa, unha pura galega de Betanzos, púxose a durmir nun banco, pois non tiña casa.

Ó día seguinte cando Maruxa espertou atopouse cun boleto de lotería de xaneiro. Tan só faltaban oito días para o sorteo, que era o vintedous de xaneiro. Ninguén soubo quen lle deixara o boleto.

O día do sorteo Maruxa foi á casa da súa irmá Faustina, que tiña unha radio. Maruxa escoitou o número premiado: tres mil setecentos cincuenta.

-¡O teu número!, berrou Faustina.

Maruxa foi cobrar o diñeiro, pero non para ela, senón para as familias pobres de Betanzos. Ela xa era vella e non os necesitaba.

SARA VILLAR VÁZQUEZ (6º)

FELIZ NADAL

Achegábase o Nadal. Para Martín serían datas quizais peores que outras calquera. Tiña sete anos e vivía de vender panos de papel, mecheros e o que cadraba polas rúas. El non coñecía a calor e a felicidade dun fogar xa que a súa nai morrera cando el era moi pequeno, e o pai obrigáballo a vender cousas pola rúa para gastalo despois el en viño.

Pero aquel ano todo sería distinto para Martín. De América chegaran os seus tíos Lola e Xoán, que non tiñan fillos. Traíanlle xoguetes que Martín nunca tivera: coches, bicicletas, balóns..., e, sobre todo, un montón de cariño que Martín nunca coñecera.

Dende entón viviron xuntos. Seu pai deixou de beber e, por fin Martín vivía feliz por primeira vez o Nadal.

A partir daquela Martín empezou a ir á escola e era moi listo. Logo Martín e a súa familia marcharon para América. E ata hoxe Martín viviu unha vida tranquila e feliz.

Mª DEL MAR VÁZQUEZ SEIJAS (6º)

UNHA EXCURSIÓN CON DIVERSIÓN

Era unha mañá de novembro
un día ~~tescuís sen nubes~~
pero agora, que me lembro
non era un día calquera.

Tambo de excursión
á praia, boa terra,
levaba moita ilusión
aunque non era só por vela.

Subímonos o autobús

e marchámonos moi alegres
cando chegamos chovía

pero todo o mundo ría.

Parámonos na "Casa das Ciencias"

para ve-lo planetario

nel vimos los planetas,


as estrelas e os cometas,

tambón vimos animais

e facemos exercicios,

logo vimos todos os demais

aparells divertidos.



Cando saímes de alí
cellemos rumbo á "Domus"⁵⁷
men sabíamo-lo, que había.
Vimes do mundo o máis grande
heme que se coñecía,
había ordenadores, e unha foto
da ciencia que nunca o creía
se des meus ollos men a vida
era feita con dez mil fotos
de xente descoñecida.

Había corazóns de animais
e tamen un sitio para facer fotos
logo vimes unha película
de trens, avións e globos.
Vinémoses para a casa
pero pasándolo ben
cantámos ~~muitas~~ cancións
para manifesta-la ilusión
desta fermosa excursión.

Texto : María Teijeiro

Ilustración : Xaime Sanjaume

LETRAS GALEGAS 1996

Foi em Valga (Pontevedra) onde nasceu em 1906.

Em Santiago, na Universidade Pontifícia, doutorase

Rematando estudos de Filosofia e Letras.

Realiza investigações culturais do passado de Galicia.

Ourense, cidade na que criou o Arquivo Histórico Provincial.

Co-fundador das Revistas: "Posio Artes e Letras" e "Geial".

Os campos da etnogeografía e arqueoloxía son fontes das súas publicacións.

Un destacado profesor do Instituto de Teu e Colégio Maior de Vigo.

Singular intelectual da R.A.G., entre outras condecoracións.

Em museos, arquivos, bibliotecas, editoriais; desenvolveu gran labor.

Logra aumentar a riqueza do Museo Arqueolóxico de Ourense.

O seu pasamento tivo lugar o 23 de Abril de 1975.

Curso de 8º de E-X-B.

OUTROS QUE SE VAN...

(ADIANTADA DESPEDIDA)

CANDO CHEGAMOS Ó COLEXIO
VIÑAMOS CON MOITA ILUSIÓN
PORQUE ERAMOS MENIÑOS
E QUERIAMOS DIVERSIÓN.

E CO PASO DOS ANOS
APRENDÉMONOS A COMPORTAR,
A TRATAR ÓS PROFESORES
E TAMÉN A ESTUDIAR.

Ó CHEGAR ÓS CURSOS ELEVADOS
TIVÉMONOS QUE ESFORZAR
PERO VALEU A PENA
O QUE NOS MANDARON TRABALLAR.

SEMPRE FOMOS A PEOR CLASE,
ESO DICÍAN POR AÍ,
E NÓS QUERÉMOSSLLES DEMOSTRAR
QUE NON ERA ASÍ.

ALGO TRASTES SERIAMOS
PERO SEN MALA INTENCIÓN
E QUERÉMONOS DESPEDIR
CON TRISTEZA NO CORAZÓN.

NON VOS QUEREMOS DICIR
O NOSO DERRADEIRO "ADIÓS"
SÓ QUE O PASEDES MOI BEN
E QUE VOS ACORDEDES DE NÓS.

María Teijeiro.
Ruth.
Rocío Castiñeira.
María López.

SOMOS ALUMNOS DE OITAVO
E QUERÉMONOS DESPEDIR
DESTES BOS E LONGOS ANOS
QUE TODOS POIDEMOS VIVIR.

SOMOS AMIGOS DE TÓDOLOS ANOS
ANQUE ALGÚNS SUSPENDERON,
PERO ESO NON IMPORTA
PORQUE TODOS SOMOS COMPAÑEIROS.

ESTE ANO É O ÚLTIMO
QUE PODEMOS PASAR
CON ALUMNOS E PROFESORES
PORQUE TEMOS QUE MARCHAR.

EMPRENDEMOS UN NOVO CAMIÑO.
ATOPAR COMPAÑEIROS NOVOS...!
IREMOS POR LUGARES DISTINTOS,
PERO TODO QUEDARÁ NO NOSO RE-
CORDO.

Rocío García.
Vanesa Viña.
Mónica Carreira.
Maribel Caínzos.

NÓS, O CURSO DE OITAVO,
XA QUE ESTE ANO NOS QUEREMOS MARCHAR
UN CONSELLO VOS QUEREMOS DAR:
QUE TEDES MOITO QUE ESTUDIAR.
TAMÉN VOS QUEREMOS AVISAR,
AS NOTAS NON VOLAS VAN REGALAR
E TEDES QUE TRABALLAR
PARA O GRADUADO PODER SACAR.

Javier Quiroga. Marcos Pena. Alberto rodríguez. Carlos Lmzres.

MAY 28 3 30 2 1970

CHEGAMOS A ESTE COLEXIO,
AÍNDA ERAMOS UNS MENIÑOS,
VIÑEMOS A ESTUDIAR
PARA NON PASALO MAL.
ANO TRAS ANO TIVÉMOLO QUE INTENTAR
PARA ASÍ PODER APROBAR.
COÑECEMOS A NOVOS COMPAÑEIROS
(ALGÚNS MOI TRASTEIROS),
AGORA QUE TEMOS QUE MARCHAR
TRISTES NOS IMOS QUEDAR,
PERO ÓS NÓSOS AMIGOS
NUNCA OS IMOS OLVIDAR.

Carlos Pérez. J. Manuel López. Jaime Santamaría. J. Luís Vilela.
Humberto Rei.

A VÓS CHEGÓUVOLA HORA
DE DEIXAR ESTE COLEXIO,
VAIADES POR ONDE VAIADES
LEMBRÁDEO CON APRECIO.

MOITOS ANOS XUNTO A NÓS,
CASE TODA A VOSA VIDA;
NON PODEREDES ESQUECER
TANTAS COUSAS COMPARTIDAS.

QUE OS "PROFES", AÍNDA QUE NON
VOS DECATEDES POR AGORA,
QUEREMOS PARA VÓS O MELLOR:
QUE SEXADES BOAS PERSOAS.

ESO É O MÁIS IMPORTANTE
CALQUERA QUE SEXA O CAMIÑO,
SEMPRE CON ÁNIMO E NOBREZA
LABRADE O VOSO DESTIÑO.

¡¡¡SORTE PARA TODOS VÓS!!!

(Toño Núñez)

A NOSA MEMORIA COLECTIVA

Eu fun ó PICATO
buscar unha nena,
eu fun ó PICATO,
víñenme sen ela.

Pro ano que ven
hei volver ó PICATO.
e sen non me quere
métoa nun saco.

E se pola noite
non quere parar,
polo río abaixo
heina de tirar.

Para que se molle,
para que se pudra;
quéroa do PICATO
e non da Coruña.

Quéroa do PICATO
e non da Coruña,
que as do PICATO
teñen fermosura.

DITOS E REFRÁNS

-Deu coma pedra na gadaña.

-O que lonxe vai casar, ganga leva ou vai buscar.

-Na casa do ferreiro coitelo de pau e na do carpinteiro séntate no' chao.

-Un gran non enche celeiro, pero axuda ó compañeiro.

-O tempo e o diñeiro corren a pasò lixeiro.

-Gárdate de home que non fala e de can que non ladra.

-Cando o ceo se cobre de lá, chove hoxe ou mañá.

-Cando chove e quenta o sol corren as bruxas para Ferrol.

-Ave de pico nunca puxo ó seu amo rico.

-Cando os ríos corran cara arriba e os carballos dean uvas, han ser bos os homes das barbas "rubias".

-O medo garda a viña. - Ó catarro dálle co xarro.

-Quen ri do mal do veciño, o seu vén no camiño.

-Neste mundo traidor ó mellor trátano peor.

-Quen non fuma nin bebe viño lévallas o demo por outro camiño.

-A boa masa mata a mala brasa.

-Se queres poñe-lo teu amo rico, mete a leña polo pico.

-Onde hai pequenos hai choros,
onde hai mozas hai pracer,
onde hai vellas hai demonios
que non fan máis ca reñer.

-Que prenda que non, quítame ó torrón pola Ascensión.

-En xaneiro leña vella, rancio viño, fresco touciño e nova pelexa.

-Febreiro "corto" cos teus vinteoito, se duras outros catro non queda can nin gato, nin ovella con "pelella".

-Polo San Brais hora e media máis.

-Marzo marzán cara de can. -En marzo a veleta nin dous días quieta. -Se en marzo canta a ra en maio calará.

-En abril augas mil.

- Abril chuvioso, maio pardo e San Xoán claro son as chaves do ano.
- ...
- En San Xoán tanto queixo coma pan.
- ...
- O día se San Xoán sécalle a primeira raíz ó pan, o día de San Pedro sécalle a do medio, día de Santa Ana sécalle a cana, día de Santa Isabel colle o fouciño e vai segar a el.
- ...
- En Xullo beber e sudar e fresco en balde buscar.
- ...
- Setembro ou seca as fontes ou leva as pontes.
- ...
- Novembro, ditoso mes, que empeza con Santos e acaba con S. Andrés.
- ...
- Por Santos neve nos campos.
- ...
- Todo porquiño ten o seu San Martiño.
- ...
- Despois de San Martiño deixa a auga e bebe viño.
- ...
- Os días de decembro son días de amargura, aínda non amence xa é noite escura.
- ...

Recompilación feita por: .JUAN.....(7º)
 .AINARA.....(7º)
 .VANESA.....(8º)
 .ALBERTO.....(8º)

...ADIVIÑAS...

- 1-¿Que cousa cousiña é que canto máis lle tiran do rabo máis pequena é?
- 2-Mar parece, mar non é, argana ten e peixe non é.
- 3-¿Que cousa cousiña é que cando vai para o monte vai enguruñado e cando volve chega estalicado?
- 4-¿Que cousa cousiña é que é longa coma unha corda e ten dentes coma unha loba?
- 5-Unha vella cun dente chama a toda a xente.
- 6-Ten cabeza e non é animal nin persoa, ten dentes e non é serra
- 7-¿Que será unha cousiña cousa que pasa pola túa porta e nunca che dá os bos días?
- 8-¿Cal é a cousa, cal é ela que, canto máis alta está, mellor se lle chega?
- 9-Sen traballar teño "cuartos", sen morrer son nova e vella, e sen comer carne nin caldo moitas veces estou chea.
- 10-¿Que cousa cousiña é que garda a casa coma un león?

SOLUCIÓNS:

- 1-O novelo. 2-Unha leira de pan cando lle dá o vento. 3-O adival
 4-A silva. 5-A campá. 6-O allo. 7-O sol. 8-A auga do pozo. 9-A lúa. 10-A chave.

Recompilou: PABLO(7º)

VERSOS DO NOSO POBO

Miña nai e maila túa
van ambas en Lousadela,
vende-lo becerro branco
fillo da vaca marela.

...

Indo para a miña casa
vin o zorro no camiño,
apártate de diante miña
que che rompo o fuciño.

...

Indo pra Portomarín
ti non viches o que eu vin,
unha cabra cunha zoca
e un castrón cun violín.

...

Unha vella dixo a outra
polo burato da porta:
ti amaña a túa casa
que a miña nada che importa.

...

Á portadun home xordo
cantaba un home mudo,
mentres os miraba un cego
con moitismo disimulo.

...

Pireira de rabo torto
sacudila e abalala,
á muller que ten bon home
ben che llo di a súa cara.

...

Non chas quero, non chas quero
castañas do teu magosto,
non chas quero, non chas quero
que me saben ó chamosco.

...

Aló arriba non sei onde
había non sei que santo,
que rezándolle non sei que
gañábase non sei canto.

...

Chamáchesme chuvisqueira,
herba que o gado non come;
vale máis ser chuvisqueira
que muller de ruín home.

...

A miña muller morreume
e enterreina no palleiro,
e deixei un brazo fóra
pra que tocasse o pandeiro.

...

Se mo deches non mo deras
que eu pedir non cho pedín,
déchelo a quen ti quixeches
e agora vólveste a min.

...

Aquí me tes cuñ pé no chan
e co outro no lousado,
por te ver miña ruliña
aquí me tes escornado.

...

Ole miña ruliña
a ver se nos atopamos,
debaixo daquel carballo
naquela corredoiña.

...

Inda me faltan dous días
pra dicirche que me caso,
dígocho en tempo abondo
por se queres un abrazo.

...

Inda me dixeron onte
que te querías casar,
se cho soubese eu antes
inda te había tentar.

...

O cuco e maila rula
van polo prado abaixo,
o cuco como é tan pillo
botou á rula por baixo.

...

Heime de subir ó alto
que dende o alto vexo ben,
que tamén vexo ós meus amores
se se paran con alguén.

...

Froiliñas, froiliñas, froiles,
froiliñas do meu xardín,
moito miro para vós
e vós non mirades pra min.

...

A raíz do toxo verde
é moi mala de arrincar,
os amoriños primeiros
son moi malos de olvidar.

...

Os cantores da parroquia
xa non saben máis cancións,
teñen que ir buscalas lonxe
aló por tras dos torróns.

...

Ma LUÍSA.....(7º)

AINARA.....(7º)

Recompilación aportada por: JUAN.....(7º)

JESÚS.....(7º)

Contos de vellos

(...)

Non me lembro ben en que pobo foi. Alí había un matrimonio que tiña un fillo pequeno. Un día mandárono coas vacas para o monte. A xente da que vos falo levábase moi mal cos veciños e, por iso, o pai avisou ó fillo:

- Se deixas as vacas soltas non se che ocorra dicir de quen es.

Pepiño, que así se chamaba o cativo, levou as vacas ó monte e alí deixounas pacer polas leiras dos mais. Nestas chegou un veciño que non coñecía ó rapaz e preguntoulle:

-¿De quen es fillo neníño?.

-Son fillo do meu pai.

-¿E quen é o teu pai?.

-O home da miña nai.

Insistíu o home:

-Pero..., ¿quen é a túa nai?.

-A muller do meu pai.

-¿Cantos sodes na casa?.

-Tantos coma cuncas.

-E..., ¿cantas cuncas tedes?.

-Unha para cada un de nós.

O home aquel non aguantou máis, marchou co rabo entre as pernas sen saber de quen eran aquelas vacas que andaban a pacer nas súas leiras.

Conto recollido por M^a LUÍSA(7^o)

A NÉBOA E A VERGOÑA

Estaban a néboa e a vergoña xuntas porque eran moi amigas, naquelas díxolle a vergoña á néboa:

-Se algún día te perdo, ¿onde te buscarei?.

-Búscame polos vales dos ríos e dos lagos, falou a néboa.

Dalí a un pouco preguntou a néboa:

-E eu, se te perdo a ti, ¿onde te hei buscar?.

A vergoña calou. Pero como a néboa insistía, ó fin, díxolle con moita seriedade:

-Mira ben que non me perdas, que se me perdes non me atopas.

Conto recollido por VANESA(8^o).

(...)

Unha vez un vello dun pobo que se chamaba Val do Miño foi ó médico. Deron en conversar das cousas de cando eran novos e o médico díxolle:

- señor Xoán, eu víñalle eiquí para dicirlle que me sinto moi mal dos ósos.
- Non me extraña, ten vostede desgaste, sinto dicirllo.
- Non o sinta nada que eu ben llo sei; cando teño que ir á leña para o lume case non podo agacharme.
- En verdade aínda non sei ben o que é. Estes análises heinos mandar a Barcelona e cando os teña chámoo por teléfono para darlle o resultado.
- Pois a ver cando é iso porque o mesmo me dixestes cando viñen por última vez e aínda estou agardando a chamada.
- Non se preocupe que cando veñan xa o chamo.
- Pois logo voume, adeus.
- Ata a próxima.

Cando o vello chegou ó seu pobo atopouse cuns veciños. Estes preguntáronlle:

- ¿E ti de onde ves home?.
- Do médico.
- ¿E logo que tes?.
- Ando moi mal dos ósos.
- Ti o que fuches é gastar os cartos, así andiven eu unha tempada pero déronme un remedio e agora estou novo.
- ¿E que remedio é ese?.
- Escoita con atención, o remedio eche pouca cama, pouco prato e moita sola de zapato.
- Pois así o farei.

O bon do vello seguiu polo miúdo as indicacións do veciño porque o que é o resultado da análise aínda está hoxe agardando por el. Menos mal que o remedio foi eficaz.

Conto recollido por ISABEL(7º)

DON DEPORTE

Ademáis da clase de Educación Física e dos xogos e partidos dos recreos, tódolos anos participamos no DEPORTE ESCOLAR que organiza, ó longo do curso, a Secretaría Xeral para o Deporte.

Cada trimestre practicamos un deporte distinto. No primeiro, temos campo a través, que non é o noso forte, aínda que imos arrapañando varias medallas. Este curso, con 16 participantes, clasificamos dous equipos para a final provincial na que conseguiron o 5º posto as nenas e o 8º os nenos.

O segundo trimestre dedicámolo ó deporte de equipo, xogando contra os colexios da nosa zona a fútbol sala e baloncesto. Aínda que non temos malos equipos, os nosos veciños débenos ter mellores, porque nunca nos deixan quedar campións.

Cando chega a primavera empeza a temporada de atletismo e isto si que é o noso. O ano pasado, conseguimos bater tódolos récords: foi o ano de maior participación (23 atletas), de máis medallas conseguidas nunha final provincial (12) e de mellores postos acadados (2 campións galegos, 2 subcampións e un terceiro posto). No presente curso, só levamos feitas dúas probas e os resultados non están de todo mal: na primeira, 18 participantes con 5 primeiros postos, un segundo e 3 terceiros. Na segunda, 19 participantes, 3 primeiros postos, 4 segundos, e 2 terceiros.

A nosa intención ó contarlles estas cousas é dobre. Por unha banda, queremos que os veciños do concello saiban o labor que está a facer o colexio para aficionar ós nenos por algo que é divertido, sano, actual, popular, proveitoso para o seu futuro e moi gratificante para aquel que practicándoo entra no mundo do deporte.

Tamén queremos resaltar o sacrificio que fan os pais dos alumnos que ó longo do curso, ano tras ano, están pendentes de recolle-los seus fillos condo acaban os entrenamentos ou as competicións. ¡Tamén eles son deportistas!

E para rematar, unha reflexión final: ¡que bonito é ter ilusións na vida! O deporte pode ser unha boa ¿non si?

A GAIOLA DAS GARGALLADAS

UNHA DE CHISTES...

-Mire señor, perdoe, o meu can mordeu á súa sogra. Se podo facer algo por vostede dígamo.

-Véndame o can.

-Oiga, ¿por que roubou o televisor?

-Porque ó lado había un cartel que dicía: "Non deixe pasar esta oportunidade".

Unha muller conducindo e un home dando consellos:

-Non collas as curvas tan rápido, metes medo.

-Pois fai coma min, pecha os ollos.

¿Sabedes por que os de LEPE meten as vacas na nevera?

¿...?

Para ter o leite fresco.

Había dous homes discutindo nun aeroporto:

-Dígoche que eso é un vión.

-Que non, que é un roplano.

Como non se poñían dacordo preguntáronlle a un señor e...

-Non sexades parvos, non é nin un vión nin un roplano, é un parato.

Era un veciño que se levaba moi mal con outro.

-Mire, se segue a tirar lixo por aí dareille parte á policía.

-Por min como se llo dá todo.

Unha profesora na clase:

-Luís, ¿cal é o futuro do verbo roubar?

-Eu irei ó cárcere, ti irás ó cárcere...

Jesús (7º)

UNHA DE PUBLICIDADE

As boas telas
En "Mirta Varela"

O bo mel
é a marca "Isabel"

"Néstor R. Porto"
os mellores ataúdes para cando esteas morto.

Material de construción "Pablo"
todo para o establo.

Se queres auga fría
confía en "Lourdes García!"

Para ben comer
Casa "Esther"

Os caramelos que me van
son marca "Koán".

Banco "Marcos"
o mellor lugar para garda-los cartos.

"Luís"
a mellor marca de anís.

Se buscas fío
acude a "Rocío"

A mellor colonia
elixe "Sonia"

Panadería "A. Iván"
o mellor pan.

Restaurante "David"
Especialidades: perdiz e codorniz.

Para complementos de cama
na tenda "Susana"

Cosméticos "Ainara"
o mellor para a cara.

Calzados "Marcos"
para pisar charcos.

Se queres un bo arquitecto
chama a "Alberto."

Xastrería "Ma Luisa"
boas camisas.

Bos abrigos de pel
peletería "Rafael"

En "Héctor C. Santoalla"
hai maquinaria que non falla.


Se che rompe o teni
acude a Beni"

O mellor papel
librería "Raquel"

Se queres xogar ó mus
pregunta por "Xesús"

Anda, anda...
con zapatillas "Sandra"

Na perruquería "Milagros Otero"
un remedio para o pelo.




(Alumnos de 7º de E.X.B.)

ENREDOS E PASATEMPOS

LABIRINTO

(Para os máis pequenos)

¿Por cal destes camiños deberá ir a abella para chegar á flor?
Ela non sabe, axúdalle tí. Lévaa primeiro co dedo e despois cun
lápis.



ENCRUCILLADO

Horizontais:

- 1-Inicial de lá. Inicial de fío.
- 2-Cidade galega amurallada. L.
- 3-Bebida que non emborracha.
- 4-Muller que ten fillos.
- 5-Serve para medir.
- 6-Faise desta maneira, faise... S.
- 7-Bebida tipicamente cubana.

Verticais:

- 1-Inicial de Lugo.
Onde gañan o pan os mariñeiros.
- 2-Aluma pola noite.
Educación Secundaria Obrigatoria.
- 3-Pobo situado na estrada Lugo-Santiago.
- 4-Onde vivimos.
- 5-Queixidos.

	1	2	3	4	5
1-					
2-					
3-					
4-					
5-					
6-					
7-					

CALDO DE LETRAS

Se buscas ben, neste caldo de letras atoparás o nome de tódolos mestres do Colexio de Guntín.

A B C D E A F G H I X
M A R I K N L O X P R
S T U V X A B T O Ñ O
Z B S P T E R E S A T
Z B L A N C A V É D C
E F C C E L I A H H
I X D I T A K L R M E
H O R T E N S I A N L
Ñ O A A P Q R S M T O
U V X Z P E D R O A B
C D E S P E R A N Z A

"COLORÍN COLORADO"

A TÓDOLOS QUE EN BOA HORA
LESTES ESTAS FOLLIÑAS,
SABEDE QUE PARA O ANO
VOLVEREMOS CON MÁIS COUSIÑAS.

QUE FOSE DO VOSO AGRADO
ESA ERA A NOSA INTENCIÓN,
E SE ALGO NON VOS GUSTOU,
TIRADE DA COMPRESIÓN.

E ESTA VAI POR DESPEDIDA,
NON TEMOS MÁIS QUE DICIR
QUE: "COLORÍN-COLORADO
ESTE PALLARES
XA ESTÁ REMATADO!"
¡VIVA O COLEXIO DE GUNTÍN!

AGRADECEMENTO:

Os membros do E. de N. L. do C. P. de
Guntín queremos agradecer a súa parti-
cipación e colaboración a tódolos alum-
nos e profesores que fixeron posible
que esta revista saíse á luz.

¿COMO HEI DE RENEGAR?

Se meu avó dixo algún día
nalgunha carballeira do lugar
palabras de namoro,
díxoas en galego.

Se meu pai aquela tarde
en que estaban a segar
lle falou polo baixiño
á que hoxe é miña nai,
faloulle en galego.

Se de neno aprendín que a choiva
cae para mollar
as follas dos amieiros
e as campas do **Nabal**,
aprendino en galego.

...

Agora que xa son home
teño por lei sementar
a lingua que os meus avós
lles deixaron ós meus pais.

A lingua que asoballan
os que non queren lembrar
as palabras que outrora
lles regalou súa nai.

Lingua que me fai herdeiro
da "Dona das Soidás",
das "Cousas" e dos "Retrincos"
e da "Virxe de Cristal".

A lingua que me permite
facer deste cavilar
agasallo para os fillos
que o tempo me ha de dar.

Agora que xa son home...
¿COMO HEI DE RENEGAR?